Moitos mandábano calar, pero el berraba aínda máis alto.

# IRIMIA

REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

# VENTUROSO OS PÉS QUE NOS LEVAN Á ROMAXE

## Campo de Sta. Isabel (Outeiro de Rei - Lugo) 13 de setembro

ANO XXIII · Nº 656
Do 8 ó 21
de setembro de 2003
prezo 1 €

## EDITORIAL **UN CURSO QUE PROMETE**

Na actualidade moitos dos calendarios da nosa sociedade están máis marcados polo parón de agosto ca polo cambio de ano. O final das vacacións de verán sinala o inicio dun novo curso, e xa non só escolar, senón tamén político, económico, deportivo e mesmo social.

Se atendemos, como é costume ó inicio destas etapas, a algúns dos sinais que se nos presentan, dende logo que o 2003-2004 aparece coma un dos cursos máis interesantes dos últimos tempos. Interesante, por exemplo, no eido internacional, por ver como se desenvolven os acontecementos en Oriente Próximo e Medio ou os numerosos procesos electorais, entre eles as presidenciais de EEUU ou o anunciado para mediados do 2004 en Iraq.

Sen embargo, por proximidade, o nivel de máxima atención vai estar nos acontecementos do Estado español. Nese sentido a axenda xa se abriu co relevo de Aznar, pero aínda ten que pasar polas eleccións autonómicas de Madrid e Catalunya, a finais de outubro, polo congreso do PP, en xaneiro, e polas hurnas andaluzas, posiblemente no mes de febreiro. Un preludio que indicará a capacidade de resistencia do PP e as posibilidades de alternativa do PSOE de cara á traca final, as eleccións xerais de marzo do 2004. E todo regado por unha realidade galega centrada no posible relevo de Fraga e na xa segura asemblea do BNG e reemprazo de Beiras.

Pero tamén a Igrexa será protagonista deste novo curso. Deixando á marxe acontecementos mediáticos como a saúde do Papa ou as saídas de tono de Gea Escolano, a Igrexa galega vai estar centrada, sobre todo, no Ano Santo. Un Ano que nos gustaría que se situara lonxe do tinglado turístico da Xunta, pero que polos cambios que se veñen de dar á fronte da pastoral da diocese de Santiago máis ben parece que se vai apostar polas concentracións multitudinarias que tanto satisfán os que miden a fe por cantidades.

Esta revista, que tamén co final do verán volve ás vosas casas, permanecerá atenta a todos estes acontecementos, pero estarao moito máis a esas pequenas novas que son fermento e que demostrarán que outro mundo e outra Igrexa é posible.

*Daniel López Muñoz*

## O TRASNO **QUE COUSAS**

Resulta un pouco parvo insistir, pero seriamos parvos de todo se non o fixesemos. O Tribunal Penal Internacional xa leva xusto un ano rulando e é un grande avance para a humanidade. Éo en parte, como todo. Disque de cincocentas reclamacións que recibiu por cousas miúdas tipo xenocidio, crimes de guerra, execucións masivas, torturas e tantos outros dos chamados crimes contra a humanidade –porque ofenden a todo o xénero humano pola súa vileza e non só a quen os sofre-, pois iso, que sobre cincocentas, máis de cen son contra

accións dos soldados americanos na guerra de Iraq, a que se librou para librarnos das terribles armas de destrucción masiva que atentaban contra a humanidade. Por iso Bush foi agora por África suxeríndolles ós gobernos que a continuidade da axuda está condicionada á sinatura de compromisos de non imputar a ningún militar americano diante daquel tribunal.

Algo tan groseiro coma toda esta historia da guerra de liberación contra Iraq debería ser un escándalo, un inmenso cabreo colectivo. Porque, ademais, é un crime contra a intelixencia. Pero, xa me diredes desde aí, para min que pasa sen maior aquel. Sempre haberá un hotel Glam para mante-la cabeza e a víscera entretidas.

Tamén en África causa furor o Big Brother, producido en Suráfrica e cun representante de cada país. Dálle un morbo suplementario de eurovisión da de antes. En branco e negro, máis ben negro, porque un país mandou un branco e considerouse unha ofensa á dignidade nacional. Intensísimo debate racial, palabra. E ocupa máis espacio nos exiguos xornais cás noticias do Tribunal Penal Internacional.

Jefrie non segue esas cousas. Dous días á semana anda dez quilómetros, feliz, porque vai traballar a mantido por 6 euros. Unha moi boa paga. Cando ve un xornal leo antes de tiralo. Non sei en qué repara. Onde el vive, un de cada tres coma el morrerá de SIDA en breve prazo. Pero iso, claro, non ten nada que ver con todo o anterior. Seguro que non.

## A PALABRA

Mc 7, 31-37

De novo, deixando Tiro, veu dar por Sidón ó mar de Galilea, atravesando a Decápolis. Presentáronlle un xordomudo, e suplicáronlle que lle impuxese as mans. Xesús, separándoo da xente, meteulle os dedos nas orellas, e tocoulle a lingua con cuspe. Logo, erguendo os ollos ó ceo, suspirou e dixo:

-Effatá (ou sexa: "ábrete").

E no instante abríronselle os oídos, e falaba perfectamente. Logo prohibiulles contalo a ninguén; pero canto máis llelo prohibía, máis o espallaban. E a xente, totalmente abraiada, comentaba:

-¡Que ben o fai todo! Fai que os xordos oian e que os mudos falen.

## A CLAVE

*Pepe Chao*

**Nostalxia do máxico**

Talmente se subtitula un libro de Luís Maldonado sobre Relixiosidade popular. Os entendidos en ciencias humanas veñen dignificando esa fución, a da maxia, que lle custou a vida a moita xente –Prisciliano, por exemplo–, e hoxe biblistas hai que lle atribúen tal ocupación a Xesús de Nazaré.

Algo excepcional hai nesta intervención de Xesús, que por vez primeira actúa non dende a Palabra e a distancia, senón dende o rito moi elocuente, inesperado: Presentáronlle un xordomudo e el, arredándose da xente, fixo lama coas mans e meteulle os dedos nos oídos e con cuspe tocoulle a lingua. Unha cochinada.

Unha situación agresiva, porque Xesús pasa por terra pagá, e ténllelo prohibido ós discípulos. Non hai peor xordo có que non quere ver, dicía un tipo. Certo, porque, outramente, terían dous sentidos bloqueados: é xordo por fóra e nin atende á mensaxe; mudo por dentro, nada nos pode dicir, enclaustrado naquel soliloquio que foron capaces de establecer dous individuos:

-¿Vas pescar?
-Non, vou pescar.
-Ah, pensaba que ías pescar.

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA - FACULTADE DE FILOLOXIA - UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

# A PENEIRA

**A FEIRA MUNDIAL DA PESCA,** os días 17-21, vai reflecti-la importancia do sector pesqueiro no mundo coa presencia de máis de 60.000 profesionais de 115 estados e de ministros do ramo de 35, e con congresos coma o das pesqueirías en augas profundas. Vigo é o 1º porto pesqueiro da UE e o 3º do mundo en toneladas de pesca fresca, no 1º semestre do 2003 medrou a descarga de peixe neste peirao nun 21,79%. Só no 2002 descargáronse en Vigo 562.649 toneladas de peixe e 4.226.182 de tódalas mercancías.

**O 11-S** provocou a machucadura das liberdades e dereitos humanos, pero tamén un rearmamento de EEUU cunha nova xeración de armas biolóxicas e químicas en contra da legalidade internacional: de racimo, ántrax, armas letais..., para desfacerse no seu momento de moitedumes hostís. Mesmo están a inventar un novo ántrax resistente ós antibióticos gracias ós avances da xenética. Aquel 11-S foi vivido intensamente por Paula Ulloa, que recolleu coa súa cámara a traxedia daquel día, os neoiorquinos e a caída das torres. Na foto, nunha exposición no Café Macondo da Coruña.

Vai se-lo derradeiro curso dalgunhas **ESCOLAS UNITARIAS,** con menos de 8 escolares; a Xunta estaas a pechar. Hai 181 con 361 unidades nas que aprenden 6.773 alumnos/as do rural ata o 3º ciclo. Tanto pedagoxicamente como socialmente é unha eiva e os colectivos de ensinantes están reivindicando non o peche senón a súa mellora: instalando novas tecnoloxías e servicios que favorezan os nenos: especialistas e orientadores, transporte, comedor, etc.

**OS ALUMNOS INMIGRANTES,** 124.340 nos pobos de España, seguen a sufrir discriminación: o 80% van a colexios públicos, pois os privados-concertados financiados con cartos públicos non cumpren co cupo esixido para admitilos. Nin hai transparencia pola banda da Administración nin os inmigrantes coñecen este dereito á libre elección de centro. Non podemos esquecer que o 29% dos inmigrantes que están a traballar teñen unha formación máis alta co 22% dos nativos de aquí.

**OS XUBILOSOS,** na foto, é un grupo de teatro da Asociación Iglesia Alvariño de Muimenta; colaboran nesta Romaxe, comezando polos seus directores e autores Xosé Manuel Carballo e Samarita Canto. Case todos/as xubilados son dos concellos chairegos de Pastoriza, Cospeito e Castro de Rei. Están a representar *Unha noite de ruada,* que é a memoria agradecida da cultura que viviron na súa nenez: o fiadeiro, a esfolla do millo, unha ruada, romances, danzas ó son da gaita e do acordón, etc. Viaxaron a centros galegos de Catalunya para celebra-lo "Día das Letras Chairegas" que festexa cada 21 de marzo a un escritor vivo desta comarca, neste ano Darío Xohán Cabana, tamén presente na Romaxe.

O recoñecemento internacional de Galicia como nación no conxunto dos países do mundo, hai agora 70 anos, no IX Congreso de Minorías Nacionais Europeas de Berna, o 16-18 de setembro do 33, foi un fito nas nosas **RELACIÓNS INTERNACIONAIS.** Por primeira vez, Europa salientaba a vocación de Galicia a construí-lo seu propio destino. Representábaa Plácido Castro, na foto; el é dende aquela secretario de Relacións Internacionais do Partido Galerista e suliñaba este acontecemento: "está xa proclamada moralmente como unha nación".

Hai agora 50 anos Manuel María principiaba a escribir o seu ***TERRA CHÁ***, no Campo de Santa Isabel, o que algúns consideran a "biblia dos chairegos", publicado no 1954. O Manuel da Casa de Hortas de Outeiro de Rei dedicoulle varios libros á súa tribo e tamén á Chaira que el canta coma un "mar en calma". Non hai só lírica, o *Terra Chá* é un compendio da xeografía, relixiosidade popular, arquitectura popular, cultura material e espiritual... Todo comezou a carón do Miño onde celebrámo-la palabra do "poeta da Terra Chá" na XXVI Romaxe. Irimia publicou hai uns anos a súa *Novena a Santa Isabel*, editada por outro colectivo que colabora nesta festa, Xermolos de Guitiriz.

*Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común*

**A ORGANIZACIÓN DE COMUNIDADES DE MONTES EN MAN COMÚN** foi capaz de modifica-la Lei de montes estatal que vai ser aprobada neste mes, despois de meses de loita e presións. Isto supón a salvagarda da figura do monte veciñal que estaba ameazada no proxecto de lei e que agora subliña que: "...son de natureza especial por ser de propiedade común e estar limitado polas características de inembargable, inalienable, imprescriptible e indivisible". Hai que felicitar esta unión de comunidades que está a revitalizar este tecido social, cultural e económico de Galicia.

# POLÍTICA

Tintxu

## SEN NOVIDADE

Pasou un verán máis e atopámonos no inicio dun novo curso sen novidades dignas de mención. Parodiando a vella canción cabería dicir que todo segue igual. Volvemos falar do Prestige e do chapapote nas praias, algo que viron case tódolos turistas, da casa ou de fóra, pero que non preocupou os novos políticos. Agora resulta que se evaporaron 23 mil toneladas dese famoso chapapote e ninguén se sente tampouco responsable diso. ¿Por que tería que ser algo diferente para estes milleiros de toneladas e non para o resto?

Os grupos da oposición consideran escandaloso e ofensivo que os membros dunha comisión de investigación da Asemblea Nacional de Francia obtivesen información de primeira man, declaracións de altos cargos e documentos, que lles foi negada ás Cortes e mais o Parlamento Galego. Pero para o Partido Popular iso son unicamente ganas de marea-la perdiz. Nada que explicar, unha vez máis.

Tamén son ganas de marea-la perdiz o pedir explicacións logo das declaracións do defunto Sáenz de Santa Marina sobre que lle pagaran tres veces a Manuel Fraga os danos sufridos polo atentado terrorista contra o seu chalé de Fraga: nada que engadir.

A actualidade política do verán estivo marcada polo culebrón da Asemblea de Madrid, finalmente disolta para convocar novas eleccións, sen que o longo das semanas e despois de numerosas comparecencias ninguén aportase explicacións dignas dese nome sobre todo ese maldito escándalo.

Os grupos da oposición reclamaron comparecencias do presidente da Xunta, pero o Grupo Popular mantivo a súa idea de sempre, que non hai ningún motivo de preocupación que mereza que se interrompan as vacacións do presidente da Xunta e da maioría dos deputados.

Como sinalou o conselleiro da Presidencia e voceiro do Grupo Popular, os deputados da oposición tiñan que dedicarse a facer turismo polas praias galegas, para comproba-lo ben que está todo. Conselleiros e altos cargos predicaron co seu exemplo, asistindo en lugar destacado a toda clase de feiras, festas e mercados. Ou sexa, todo segue igual.

**Nada que explicar, unha vez máis**

Claro que agora chegou setembro, Aznar acaba de aclara-lo seu programa sucesorio e a axitación política vai ser moi intensa, contando coas convocatorias electorais en Madrid e Cataluña e á espera das eleccións xerais do ano que vén. Ou sexa, que se acabou a tranquilidade.

# A AQUELA

*Beatriz Cedrón Vilar*

## Galicia, terra de diáspora, disque

¿Quen non ten un parente, un coñecido, un amigo, máis aló de Pedrafita ou de Fisterra? preguntamos con pouca orixinalidade. Hai termos que semellan apelida-lo nome mesmo de Galicia. Algúns, moi manidos e turísticos: chuvia, néboa... outros pouco poéticos: atraso, servidume... e outros dolorosos, como o de emigración que se ben comparten espacio por afinidade cos dous anteriores poderían suxerir nun hipotético mundo de xustiza recíproca a bondade, ou cando menos a comprensión cara ós seus "complementarios". Así, a ominosa emigración podería, por exemplo, dar sequera unha tintura diferente en Galicia ó chamado "fenómeno" (eu diría "despropósito") da inmigración. Tanta vida galega "alá" e tan pouca práctica "acá".

E ocasión tivo Sulima de comprobalo de primeira man. Xa non lembra os anos que leva residindo nesta vila costeira. O seu home veu primeiro. Despois ela e o fillo máis vello. Aquí naceron André e Camila máis tarde. Todos vivindo do mar. Todos respirando salitre. Todos vivindo Galicia. E todos, como tódolos galegos, con problemas domésticos, que levaron un día a Sulima a requiri-los servicios dun técnico que lle reparara a cisterna do excusado, dereito que lle correspondía por ter pagado relixiosamente o corresponde seguro.

E veu Antonio. E arreglou a cisterna, por máis que Sulima percibiu que o trato que lle dispensou Antonio, sen ser desagradable, non era o máis correcto. Así que decidiu escribir unha carta á compañía aseguradora facendo constar que a pericia técnica de Antonio, desgraciadamente, non tiña correspondencia coa súa pericia no trato social.

Preguntado Antonio sobre este particular, unha vez que se lle comentou o contido da carta de Sulima, Antonio, perplexo pola obviedade da situación e pola normalidade do seu actuar, vai e solta:

- ¡Boh! Se era negra!

## O CARRABOUXO por Xoseluis

# CRÓNICA

## ENCONTRO DE VERÁN EN VILÁN 2003

Ensinando as máns que amasaron o pan, pan que despois compartimos comunitariamente.

Macu leva dez anos acudindo ó encontro de verán de Irimia e conta que nunca dá acabado de explicar ben que é o que acontece durante eses días. É o meu primeiro encontro e propúxenme como obxectivo intentar transmitir ás e ós irimegos, polo menos, parte da intensidade (así, sen adxectivos) do que se vive alí.

Non é doado.

Dous raparigos duns nove anos, Susana e Xabier, Carmeliña e Unai, Sara e o outro Xabier (os pequerrechos, duns dous aniños) conforman a escola unitaria do noso encontro. Once mulleres e catro homes a aula de preescolar do mesmo.

Preescolar porque o que caracteriza sempre o grupo das e dos máis pequenos nunha escola é a ilusión pola sorpresa: polas ganas de sorprender e tamén ofertar sorpresa, por xogar e que se xogue con eles.

Así empezámo-lo noso especial curso escolar cun despertar á vida que hai ó noso redor. Era o primeiro día: o día da vida emerxendo. ¡VIDA! Sentindo (é, se cadra, a palabra que máis definiría estes días: sentir) como as flores, o río, as pedras, o aire (entrando e saíndo, movéndosenos por dentro), o corpo, as chaquetas, o prato, os paxaros, os recordos... todo é caricia da vida, vida en movemento. Disfrutándoa, acolléndoa, invitándonos a deixar que a expresasemos. E agradecendo a quen foi luz para nós na vida.

No segundo "trimestre" do noso particular curso escolar, as lecciónes eran xa máis complicadas. Fixémoslle un canto á vida matada. ¡Precisamente agora que, estabamos cheos de movemento, gratitude, alegría...! "¿Xusto agora?", preguntábame eu, a máis "vella" do grupo. Pero hai que xogar, hai que enchouparse de sentimentos, de novas experiencias e ver qué pasa, e agardar a ver qué é o que ocorre "¿en que rematará ter que relembrar momentos baixos, tristes, escuros?", preguntábame eu, a máis "vella" do grupo.

O resultado foi... Aquí tiña que estar Macu con esa toda a súa expresividade corporal para que en imaxes puidesedes entender. ¡Buf! Vida machucada, sacudida, crebada, cansa, sacudida, castigada, golpeada, esmiuzada, acaneada, mancada...Pero, finalmente, vida.Vida esmagada, pero vida rida. Vida matada, pero ata cantada (¿non escoitastes o "rap da vida matada"? se cadra habería que inclui-lo CD no seguinte número). Coma nenas e nenos, tiñamos ó final da tarde un sentimento forte de vida no que é a morte na vida estragada que a todos nos toca sufrir. "Se el fere, tamén pon a venda" (Xob 5,18)".

Achegábase o final do curso. Sara e Xabier competían por se-los primeiros na clase; pero xa se sabe como son as mulleres cando se propoñen algo... Sobre todo se teñen un ano máis e tres kilos máis de peso.

Deste ano non puidemos contar con alguén que se encargase da nosa especial escola unitaria, pero o que quizais podía semellar un problema, puido converterse (non sei o que opinarán os que tiveron que apandar cos pequerrechos) en algo especial, posto que, realmente, pareciamos unha gran familia celebrando durante tres días a festa grande. E nas festas hai nenos, ¿non si?

No noso último trimestre, descubrímonos na vida irmandada, comunicada. Na vida en comuñón. Quixemos descubrir e goza-las nosas gracias para compartilas cos outros, os nosos dons para non quedar só nós

con eles. "A miña gracia é a miña timidez", dixo un. Sorprendeume que se vise a timidez como unha gracia. De seguida, outra respostou. "Eu necesito da túa gracia". Sorprendeume aínda máis a miña ignorancia sobre as necesidades dos que temos ó noso redor ¿¡quen ía pensar que a timidez puidese ser necesitada!?

Gozamos da vida irmandada cando, buscando momentos específicos de silencio, nos atopamos no río (¡que preciosa metáfora da vida!) e foi necesario que nos axudasemos para ¡saír del!: xogando, caendo, mollándonos, bordeando, chorando, compartindo, rindo. Sen buscalo, foi un precioso momento de vida irmandada.

"Se todo for un único membro, ¿onde estaría o corpo? Deus dispuxo o corpo (...) e así cando padece un membro, todos padecen con el; cando a un membro o tratan ben, todos se alegran con el" (Cor. 12, 19 e 26)

Gozamos da vida en comuñón preparando a festa da noite, os xogos, os trucos de "maxia", as pantomimas, as máscaras (a preciosa Susana como maquilladora oficial) e a entrega de premios ás mellores "películas" do encontro.

Gozamos tamén da vida en rede, encargándonos da rutina de tódolos días: fregar, varrer, cociñar, recoller, coida-los cativos, limpar os baños, lavar a roupa...

Gozamos deixándonos levar por Marisa e as súas "clases" de expresión corporal (¡costa tanto desinhibirse nun principio! ¡e senta tan ben despois!).

Gozamos cos paseos en carretillo que nos deu Charo, mellores cá noria nos parques de atraccións, e dos seus "paseos" polos nosos corpos cando decidiu dirixir ela un "especial" exercicio de expresión corporal.

Gozamos nas comidas, nas oracións e co "clima" que houbo no grupo ("Bo, choveu cando tiña que chover e fixo sol cando tiña que facelo" ¿verdade, Sandra?). Gozamos ó facelo pan que compartímo-la última tarde, coa canción de despedida que nos ofreceu Erika, ó descubri-los tantos xeitos de lava-las mans que poden chegar a existir; coas celebracións nocturnas da nosa fe e vivencias do día... Coido que gozamos moito.

Organizándonos para a festa: Susana, Sandra e Antón.

-Expresión corporal- Antonio, Macu, Antón e Charo.

Gracias a Tereixa, Macu e a Antón que tan agarimosamente prepararon este encontro. Rapaces, saíuvos moi ben. De tódolos xeitos, gracias coa boca pequena, porque seguro que o pasastes pipa preparándoo. Xa sabedes cál foi a única "crítica" que tivemos: Gurutz quere outro menú para o ano (¿a quen se lle ocurriu aceptar un vasco neste encontro?)

Ó contrario do que ocorre durante a nosa vida escolar habitual, nos institutos e nas facultades, eu quero repetir curso. Gústame estar en preescolar e xogar a deixarme sorprender e aprender e ver. Ter eses ollos tan abertos de pequena alucinada ante a VIDA, aínda que sexa matada, acaneada e sacudida.

"Señor, noso Señor ¡que grande é o teu nome en toda a terra!" (Sal. 8)

# SOMOS IGREXA

*Antón Martínez Aneiros*

*Os trasnos da informática fixeron que este artigo escrito en xuño e que debería ter chegado ás vosas mans antes do verán, non saíse. Lamentámo-lo retraso co que vos vai pero pensamos que non perdeu interese.*

Agardo que Irimia, as irimegas e irimegos me perdoen ter faltado á celebración do día 14 en S. Domingos do Bonaval. Estiven fóra sentíndome dentro. Traio noticias frescas para a Galicia dos grupos e comunidades pequenas pero vivas. Tamén para todas aquelas persoas que andan á busca de algo distinto, novo, que lle dea sentido á vida en canto membros da Igrexa. Ademais, ¡e pur si muove!, están a rebulir aqueles ós que lles gustaría participar nunha Igrexa renovada-reformada. Noutra igrexa máis empapada das ensinanzas de Xesús.

Na xuntanza de Madrid de "Somos Igrexa" os pasados días 13 e 14 deuse un paso máis para afianza-lo proxecto universal (católico) desta Corrente. Como primeira medida quedou constituída oficialmente a Asemblea de Enlaces, no sucesivo, órgano supremo de decisión para cantos formamos parte deste movemento no Estado español. As decisións fundamentais, polo tanto, serán sempre de carácter asembleario, tomando en consideración e valorando as opinións que se conforman nos traballos dos grupos. Un novo xeito, esencial, de ser igrexa. Porque nisto cremos que deberá radica-lo punto de partida da necesaria reforma que está xa no espírito de Vaticano II. Por iso se lles debe esixir ós bispos os cambios necesarios sen agardar moito máis. Pero para isto non abonda co voluntarismo ó que estamos habituados, senón que se precisa da organización de grupos e persoas. Porque o xerarquismo e os personalismos, consecuencia da nefasta estructuración clerical, constitúen o lastre máis negativo que arrastra secularmente a Igrexa, o que lle impide transluci-lo Reino de Deus nidiamente. E, de seguir por este camiño, continuará negando o sentido de pobo de Deus con que a definiu o Concilio, porque a Igrexa antes de doutra cousa é a asemblea de crentes.

Volvendo ó rego, Galicia xa conta con persoas dispostas a asumi-la función de Enlaces: Unha é de Oleiros, temos na memoria o seu enderezo do Rabuñeiro, Charo Rilo a do Bienio Irmandiño, outra agora é de Santiago, Macamen Díaz, de mulleres cristiás, e estamos agardando do contorno de Urca a representación da xuventude. Estes representantes galegos xuntaranse en asemblea cos do resto do Estado unha vez ó ano, de ordinario, en Madrid para tratar sobre do funcionamento, necesidades, problemas, propostas, etc. dos grupos. Tamén dos acontecementos, novas realidades sociais, etc. que se van producindo , tanto en España coma no mundo global e mesmo na institución eclesiástica.

Polo demais, aquí estamos a seguir na liña de traballo que quedou establecida no encontro de Sobrado dos Monxes o día 12 de abril pasado e que coñecedes. Contamos cos Enlaces, cun grupo permanente de colaboradores e avanzamos na configuración da **rede** e da base de datos. Agora buscámo-las persoas capaces de organiza-lo Encontro do 2004 coincidindo co Foro de Encrucillada. Quen se anime será benvido.

# CARTA

## Benquerida IRIMIA:

Non é a nosa intención emendarlle a plana ó querido Bernardo, que fixo unha crónica da celebración dos 25 anos moi axeitada, na que se palpaba o ambiente, a emoción e a lediciia que compartimos. O que pretendemos dende este grupiño das Pasantías da Coruña vai na liña de reflexión de Daniel López Muñoz, no senso do agradecemento.

Sentímonos fondamente agradecidos pola celebración especial destes primeiros 25 anos. Apreciámo-lo esforzo e o agrimo con que se pensaron tódolos detalles: dividi-los espacios, busca-los tempos, as palabras fermosas dedicadas a cada irimego/a que alumea as nosas vidas,... E todo dende unha gran sinxeleza, pero que paseniñamente, como río de augas mansas, facía fluí-las nosas emocións relembrando intimamente tantos momentos vividos en Romaxes, Irimianzas, Encontros,...

Falouse moito do acadado ata agora e alguen podería dicir que aínda queda moito por facer ¡Abofé que si! Pero aí estades esa nova xeración de xente estupenda que sodes un luxo e xaora unha realidade de futuro.

Cremos que Rosalía, Brañas, Castelao quedaron ledos polo que alí celebramos e como o celebramos (como lembranza da nosa xuntanza, ó pé dos sartegos, deixámoslles unhas pólas de carballo de parte de tódolos que alí nos xuntamos).

No noso grupo había quen pensaba que por qué unha celebración en Bonaval, se xa celebrámo-los 25 anos na Romaxe; pero despois de vivir esta celebración tan especial, e tan maribillosa, xa pensa que era imprescindible. Gracias outra vez ós que tiveron a idea.

Bo verán e vémonos no Campo de Santa Isabel, se Deus quere.

Grupo de Pasantías Teolóxicas
da Coruña



# DEBATE ABERTO

## ¿RELIXIÓN NA ESCOLA? Carta de Vicenta Rúa Lage

*Recibo (Xosé Chao) carta persoal e privada en relación ó artigo sobre sobre as clases de relixión. Co permiso da Mesa de Redacción solicito autorización da autora, Vicenta Rúa Lage. Velaquí a carta:*

Querido amigo e mestre:

Por unha vez quero disentir da maioría do que afirmas no teu último artigo pulicado na revista Irimia, nº 655, co título: *"¿Guerra santa no ensino?"* Tratarei de ser imparcial, anque teño motivos para non selo porque traballo como mestra de relixión e mesmo daría anos de vida por seguilo facendo.

En primeiro lugar quero recordar que o ensino da relixión, máis alá que de ningún concordato ou acordo entre a Igrexa e o Goberno, devén directa e incuestionablemente da actual Constitución Española, que se compromete a apoia-las institucións ou grupos que teñan calado na sociedade e non sexan nocivas. Por exemplo, o artigo 27.3 garante o dereito dos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral acorde coas súas convicciòns. E o artigo 16.3 di:

"Ningunha confesión terá carácter estatal. Os poderes públicos terán en consideración as crenzas relixiosas da sociedade española e manterán relacións de cooperación coa Igrexa Católica e as demais confesións". O que quere dicir que o Estado español é aconfesional (non estrictamente católico), pero non laico (desligado ou oposto a toda forma de relixión). En Europa só Francia é un país laico e por iso non se imparte nos centros estatais ningún ensino relixioso.

En España, como sabemos, pódese elixir libremente unha educación non relixiosa ou baseada en tal ou cal confesión, non só a católica, sempre que o número de alumnos xustifique a presencia dun profesor. En Galicia, no pasado curso escolar, o 85% dos nenos de primaria acudiron ás clases de relixión.

En segundo lugar, quero facer algo de xustiza ós meus compañeiros de traballo que sei de boa tinta que non foron escollidos sen méritos e por estaren necesitados, pois non son suxeitos de ningunha asociación caritativa ou dalgún favor inmerecido, senón que fan un traballo ó que teñen dereito e son profesionais "sobradamente preparados" e cualificados; todos teñen como mínimo o título de mestres e acoden, acudimos, regularmente a toda clase de reunións periódicas entre nós mesmos, encontros, seminarios e cursiños obrigatorios para manternos a punto e ó día, o que non se pode dicir de tódolos demais ensinantes. E se a Igrexa nos esixe coherencia persoal entre a nosa vida e o que desexa que

ensinemos, non temos máis remedio ca acatalo ou renunciar, como ocorre coas normas de calquera outra empresa ou asociación.

Falando de min mesma, podo asegurar que asistín a tres cursos de teoloxía e a motísimas máis actividades semellantes antes de dar clases de relixión, e non coa esperanza de chegar a dalas senón que tal posibilidade nin sequera me pasara pola cabeza. Os actuais mestres de relixión que eu coñezo, e son a maioría, saben ben "qué dan", "cómo o dan" e "por que o dan" e teñen moito entusiasmo no seu traballo. Non me parecería sensato deixar unha tarefa tan importante e delicada nas mans de calquera porque teña aprobada a oposición, precisamente porque moi poucos a considerarían importante e delicada, mesmo con frecuencia dedicarían o tempo a calquera outra materia.

Acerca da conveniencia ou necesidade deste ensino non creo que a ti se che ocorrese negala, anque só fose porque es un humanista e sabes que a ignorancia en materia relixiosa non deixa de ser unha ignorancia máis. Ben imaxinamos nó-los dous as repercusións que tería esa lagoa. ¿Como comprenderían as asignaturas de sociedade, xeografía e historia? ¿Como saberían de onde veñen tantos obxectos, usos e costumes na nosa sociedade española? ¿Como se atendería ó cultivo desa parte constitutiva do ser humano chamada espiritualidade?

**O Estado español é aconfesional, pero non laico**

Acerca da solución que dás propoñendo "a comunidade parroquial ou de base, como o espacio axeitado", sería cousa de estudialo. Parece que os rapaces non estudiarían moito fóra da escola e sen poñer notas. Ademais o número de asistentes descendería tanto que quedarían en case que ninguén, a non ser que se reducise o tempo e a importancia da materia, co que quedaría en case que nada. Algo semellante ás actuais catequeses, xa ben exiguas e que moitos pais pretenden reducir ata o mínimo coa escusa de que os nenos teñen outras actividades extra escolares e pecisan descansar.

Xa sabes que a materia de relixión está pendente de sufrir importantes cambios coa nova Lei de educación, a LOCE, en principio o nome será outro: "Sociedade, cultura e relixión", no ensino de Primaria. Iniciáronse modificacións no curso 94-95 para o primeiro ciclo.

Alegreime moitísimo de parolar contigo, anque só fose por carta.

*Recibo contestación de Vicenta: reproduce parcialmente a súa carta, da que non gardaba copia. Velaquí as primeiras liñas da nova carta:*

¿Como estás Pepe?

Non era a miña intención compoñer un artigo, escrbinche como terapia pois sentíame magoada, pero se queredes publicalo paréceme ben.


## IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 980 15705-Santiago de Compostela, ou escríbenos a irimia@wanadoo.es

NOME: ..... APELIDOS: .....
ENDEREZO: .....
CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....
TELÉFONO ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

**QUERO SER SOCIA/-O:** 3 € ❑
**QUERO SUBSCRIBIRME:** Ordinaria: 21 € ❑ De apoio: 33 € ❑
Subscricción anual (22 números) -
**QUERO SER 60x100:** 60 € ❑

**DOMICILIACIÓN**
BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....
DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....
CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....
Nº de CONTA: _ _ _ _ / _ _ _ _ / _ _ / _ _ _ _ _ _ _ _ _ _
Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... ..... a ..... de ..... de 200__.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
Conta: CAIXA GALICIA: 2091-0349-45-3040005822
BBVA 0182-0267-15-0207905484

# O NOSO TABOLEIRO




## NOVA ANGUEIRA

A historia do mundo da aldea en Galicia está feita coa achega insignificante de centos, miles, millóns de homes e mulleres, que cunha vida calada e eficiente apostaron por vivir dignamente, con base ó seu traballo, á súa honradez, á súa capacidade de unión e de organización. O Roxelio non é senón un entre moitísimos máis, homes e mulleres, que formaron esa cadea de vida nas aldeas de Galicia.

## PAGO SUBSCRICIÓN. AVISO ANTES DOS REEMBOLSOS

**A tódolos que non pagaste-la subscrición do 2003, pedímosvos que o fagades o antes posible, xa que axiña hemos pasa-los contrareembolsos (iso incrementa o precio en máis de 3€). A tódolos que xa ingresastes, moitas gracias.**

**EDITA:** Empresa periodística A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

**COORDINACIÓN DA DIRECCIÓN:** Pedro Pedrouzo Devesa, Daniel López Muñoz, Rubén Rivas Vidal. - Tlf. 981 557 333.

**ARQUIVO FOTOGRÁFICO:** Rubén Rivas Vidal. **CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Mariano Guizán Sánchez, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, María López Ximenes, Manolo G. Turnes.

**COLABORADORES:** Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Tintxu, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Agustín Bueno, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Lines Salgado Iglesias, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón.

**ADMINISTRACIÓN:** Apdo. 980 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 660 469 882

**SUBSCRICIÓNS:** ordinaria: 21 Euros. de Apoio: 33 Euros. **Correo electrónico** - irimia@wanadoo.es

**CONTA:** Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana, nº 8 - Santiago / BBVA 0182-0267-15-0207905484

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 1.300 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

**IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** http://www.vieiros.com/canalirimia

# XVIII ROMAXE DE CRENTES GALEGOS
# 13 DE SETEMBRO DE 2003
## Campo de Santa Isabel (Outeiro de Rei-Lugo)

### Programa

**11:00** Acollida dos romeiros e romeiras
**11:30** Encadre da XXVI Romaxe nunha comarca xeográfica ben definida: a Terra Chá
**11:45** Celebración Eucarística
**14:00** Xantar
**16:00** Festa
**18:00** Oración da tardiña na Capela do Santo Alberte
**19:00** Remate

**Nota: Rogámosvos que sexades puntuais para non atrasa-la hora de comezo.**




### ¿COMO CHEGAR...?

#### ...Á ROMAXE

Os que veñen da Coruña, de Santiago ou do sur de Galicia, o mellor élles ir ata Guitiríz, dende alí a Rábade e logo ata Outeiro de Rei.

Os que veñan do norte teñen a posibilidade de ir ata Vilalba, de alí a Rábade pola N-634 e despois a Outeiro de Rei.

Aqueles ós que lles acaia ben pasar por Lugo só teñen que coller dirección A Coruña e a 18 km. está o sitio.

As estradas de referencia son sempre a Autovía 6 ou a vella Nacional VI. O sitio é o Campo de Santa Isabel, case no mesmo Outeiro de Rei.

#### ...Á ORACIÓN

Vai ser no Santuario de Santo Alberte. Para ir dende o Campo de Santa Isabel o mellor camiño é pola Nacional VI, dirección A Coruña, está entre Baamonde e Parga.

# FALANDO DA LINGUA

*Lidia e Valentina*

## ¡¡¡Ó choio!!!

O bo logo acaba..., e con iso do bo referímonos ó tempo de descanso, que non á calor deste mes de agosto, ¡que tiraba as aves do ceo! Nós, aquí estamos outra vez collendo o touro polos cornos, volvendo á rutina e ó traballo e facéndovos compaña de novo desde esta última páxina. Aínda bo é que nos queda un alendo para darlle a despedida ó verán na Romaxe, alí brincaremos e falaremos, e xa que imos estar en Outeiro de Rei (no interior de Lugo), aproveitade o turismo para ver e oír, abride ben as orellas e reparade en como fala esa xente.



As colaboradoras atacadas polo golpe de calor

Estaremos á beira do Miño, así que se alguén anda ás *troitas* podédeslle preguntar se hai *moitas*, e nas idas e nas voltas poderedes comprobar que todo o din con **OI** (*oito, moito, troita...*) como a maioría dos galegos. O que xa non é tan maioritario e igual vos chama máis a atención é que din *pantalós, xamós, cas...*, igual compran *medallós* para levarlles ás *irmás* e ós *irmaos* que quedaran na casa. Iso si, non oiredes da boca dos indíxenas ningunha palabra con gheada nin con seseo, pois nunca se dá a combinación nun mesmo falante do uso de *irmao, sapato e ghato*. Tamén nos podemos sorprender se nos preguntan algo como ¿e logo *vosoutros cantais* a Rumboia?, pois *nosoutros* si.

Os de Outeiro de Rei pertence ó que en dialectoloxía (que é a ciencia que estudia as diferentes formas de falar en cada lugar) se denomina **bloque central** e teñen como característica diferencial a forma de face-los plurais das palabras rematadas en –n, eles eliminan este –n e engaden –s, de aí os *pantalós*. Dentro deste bloque aínda hai variantes, cara a arriba están os da área mindoniense (que din *seña, esteña*), cara a abaixo os da lucu-auriense (que din *il, iste...*) e no medio quedan os que se denominan de transición, que serán os que nos recibirán o día 13.

E por alí pola zona tamén vos teñen un léxico ben particular. Por exemplo, ¿sabedes como lle chaman ó ovo aniñador?: o *endego*; ós nenos pequenos, *pícaros* ou *cativos*; ó cullerón chámanlle *garfelo*... E se vos din que *Fulano engarabitou por un carballo para demoucalo e caeu sobre os vargos*, están informando de que o tipo subiu á árbore para espolala e caeu nunha desas lousas que empregan por alá para pecha-las leiras...

## O CANTAR DO IRIMEGO

1. Levo xa uns vinte anos
hatitando en Compostela;
teño a forte sensación
dunha cidade que medra.

2. Dende que a Xunta asentou
nesta urbe apostólica
decátaste de que vives
unha experiencia insólita.

3. A cousa vai progresando
e a xente acode tanto
que xa moi pouco importa
se é ou non Ano Santo.

4. Vexo xente moi molesta
e mesmo haivos quen brúa
porque incómodo resulta
transitarmos pola rúa.

5. Din que o que aquí chega
é un turismo barato;
como diso non sei nada
é asunto que non trato.

6. Pero que a xente humilde
visite a nosa Galicia
é algo que en min produce
unha orgullosa noticia.

7. Que cando volvan á casa
leven ó veciño a imaxe
do bo trato dos galegos
e o don da nosa paisaxe.

8. Difícil é distinguir
turista de peregrino:
¿quen é quen en cada caso?
Sobre diso non opino.

9. Hai xente que vén por fe,
outra con ansia procura
facer ese gran Camiño
que está feito de cultura.

10. Dende hai anos algo novo
aparece no horizonte:
moitos miles de galegos
moitos máis hoxe ca onte.

11. Ata hai pouco o Ano Santo
era algo ordinario:
cada galego escollía
o seu propio santuario.

12. Por fortuna, vai nacendo
no territorio un centro
símbolo da identidade
que o pobo leva moi dentro.